



NOTA INFORMATIVA SOBRE O RESTABLECEMENTO DA VACINACIÓN FRONTE Á HEPATITE A EN ADULTOS

Introdución

Unha vez solucionado, por parte das compañías farmacéuticas, o problema do desabastecemento da vacina fronte á hepatite A de adultos, a Dirección Xeral de Saúde Pública dispón novamente de doses suficientes para que **a partir do día 2 de maio deste 2018** se restableza a vacinación fronte a esta enfermidade do xeito habitual.

Dado que a vacinación fronte á hepatite A non é unha vacinación rutineira no adulto, as doses vacinais, que estarán a disposición dos centros, serán utilizadas nas persoas que pertencen aos grupos de risco establecidos.

Con respecto á situación epidemiolóxica en Galicia, mantense o aumento na incidencia desta infección desde o ano 2016, afectando fundamentalmente a persoas de entre 20 e 44 anos, principalmente homes que teñen sexo con homes (HSH). Neste ano o abrocho, aínda que cunha baixada da incidencia, continúa activo. Compre lembrar que a medida fundamental de control deste abrocho é a vacinación.

INDICACIÓNS:

- **Vacínase ás persoas pertencentes aos grupos de risco (que se detallan no apartado seguinte).** Sempre que sexa posible, realízase seroloxía para determinar a susceptibilidade en nados con anterioridade a 1977 (a maioría das persoas nadas con anterioridade a 1960 considéranse inmunes segundo os estudos de seroprevalencia, aínda que pode haber unha pequena porcentaxe que permanece susceptible).
- **Con respecto ao abrocho que se está producindo en HSH,** seguen a ser un grupo prioritario para a vacinación; recomendándose iniciar canto antes a vacinación.



- **Administrarase a 2ª dose de vacina a todas as persoas que só teñan 1 dose.** Recuperarase a todas aquelas persoas que no momento das restricións non se lle puxo a dose de recordo e administrarse se xa transcorreran 6 meses desde a primeira dose. Aproveitarase calquera contacto co sistema sanitario para completar esas pautas de vacinación interrompidas polo desabastecemento.

GRUPOS DE RISCO PARA A VACINACIÓN FRONTE Á HEPATITE A:

- Contactos estreitos de persoas con hepatite A. A vacina é efectiva como medida postexposición (administrar na primeira semana trala exposición). <http://www.sergas.es/Saude-publica/Documents/1142/Protocolo%20Hepatitis%20A.pdf>
- Persoas con hepatopatía crónica, debido ao maior risco de desenvolver unha hepatite fulminante
- Persoas que recibiron ou están esperando un transplante hepático
- Persoas que estean a recibir fármacos hepatotóxicos
- Receptores de hemoderivados (hemofilia)
- Persoas con condutas sexuais de risco: HSH con múltiples parellas e profesionais do sexo
- Persoas VIH positivos
- Persoas que se inxectan drogas (PID)
- Persoas con risco ocupacional: persoas que traballan con primates non humanos, persoal sanitario que traballa en entornos de risco (como os traballadores de laboratorio en contacto co virus da hepatite A), persoal que traballa en educación ou atención á primeira infancia (0-3 anos), traballadores de augas residuais
- Viaxeiros que se desprazan a zonas de **alta** ou **moderada** endemicidade de hepatite A. Considerar especialmente aos nenos nados no noso país fillos de pais orixenarios de países de alta endemicidade. Debe terse en conta a idade, o lugar concreto da viaxe e se as condicións hixiénico-sanitarias son deficientes, fóra dos circuitos turísticos habituais e por un período de tempo superior a 15 días. Para que a vacina sexa efectiva, débese administrar polo menos 2 semanas antes da viaxe.

Todas as vacinas deben administrarse segundo as indicacións do Programa Galego de Vacinación e é imprescindible que todas elas sexan rexistradas.

Neste momento o programa galego de vacinación poderá subministrar os seguintes produtos:





- HAVRIX 1440, laboratorio GSK. A partir dos 19 anos
- VAQTA 50, laboratorio MSD. A partir dos 18 anos



Para máis información, poden consultar as fichas técnicas dos produtos a través de <http://www.sergas.es/Saude-publica/Fichas-técnicas-vacinas>

Santiago de Compostela,
O director xeral de Saúde Pública
Andrés Paz-Ares Rodríguez

